



**CATÁLOGO DE ACTIVIDADES**  
**EN CENTROS EDUCATIVOS**  
**CURSO 2023-2024**

# Escola ON de artes escénicas

A **Escola ON de artes escénicas** nace na **Coruña** no ano 2019 como o resultado da aposta dun grupo de profesionais galegos cunha ampla traxectoria escénica e formativa en diferentes lugares de referencia a nivel estatal, que foron quen de condensar toda a súa experiencia e coñecementos para crear un centro de referencia no ensino das artes escénicas na cidade.

Máis que unha escola de artes escénicas, somos un **espazo de encontro**. Un lugar para compartir, tanto a nivel académico como persoal, no que valoramos moito a comunicación cos demais e a achega que cada alumno/a pode facer ao grupo.

## Quen somos?

Aválannos **décadas de traxectoria como formadores e creadores escénicos** no ámbito infantil e xuvenil en centros estatais de prestixio e **máis de 5 anos de actividade só na Coruña**, nos que, grazas á boca a boca, a Escola ON converteuse nunha referencia na cidade, capacitando a preto de **300 alumnos** de todas as idades e niveis.

Contamos tamén cunha **experiencia de varias décadas no campo da animación á lectura -como animadores e contacontos-**, traballando desde o ano 2006 -da man de Estrela Escriña para *Tándem* en **Madrid**-, con todo tipo de entidades públicas e privadas (Consellería de Cultura da Comunidade de Madrid, concellos, bibliotecas municipais, centros escolares, feiras do Libro, Fundación Telefónica ou varias ONGs). Xa en **Galicia**, condensamos esa vasta experiencia para aplicala e amplificala nesas mesmas entidades e no marco de programas como **Ler Conta Moito**, da man das **Consellerías de Educación e Cultura**.

Ademais, **contamos cunha compañía teatral propia, Os Náufragos teatro, recoñecida polo seu traballo coa infancia e a mocidade** e recentemente galardoadada co **Premio María Casares 2022** ao mellor espectáculo infantil, así como seleccionada para a primeira edición española do **Circuíto ASSITEJ** de teatro para a infancia e a mocidade, promovido pola organización internacional homónima -*Association Internationale du Théâtre pour l'Enfance et la Jeunesse*-, fundada en París polo Instituto Internacional de Teatro da **UNESCO**.

Os nosos talleres e pezas teatrais xiraron por toda España e por países como **Portugal, Irlanda, Colombia, México, Uruguai ou Arxentina**, estando presentes nas principais **feiras internacionais** de teatro para a infancia e a mocidade (como a feira europea *FETEN* ou o festival internacional *Fazer a festa* de Portugal), o que nos outorgan unha **perspectiva multinacional** difícil de atopar noutros centros formativos.

**Coñecemos ao público infantil e mozo como docentes e tamén como creadores, o que nos permite ter unha visión completa e panorámica das súas sensibilidades, singularidades e necesidades educativas, emocionais, sociais e persoais.**

# A nosa proposta de Escola Externa

Nos sistemas educativos máis avanzados do mundo, a arte dramática sitúase sempre como unha materia fundamental, grazas á súa capacidade para fortalecer a expresión e a comunicación do alumnado, ao tempo que ofrece unha perspectiva innovadora que potencia a aprendizaxe interdisciplinaria.

Partindo desta premisa, **facer teatro con e para a infancia e a mocidade** significa, para nós, a oportunidade de crecer xuntos, de utilizar o xogo como forma de aprendizaxe, de expresar desde o corpo e a voz, de colaborar e traballar en equipo e de vivir experiencias que axuden a canalizar as súas emocións e enerxías. Sempre **de xeito colaborativo e non competitivo**, poñendo en valor o desenvolvemento creativo e a capacidade de pensamento crítico do noso alumnado.

Por outra banda, consideramos que a **lectura** non só cumpre un rol esencial na comunicación e na obtención de información, senón que tamén encerra **aspectos expresivos valiosos** e proporciona un **tempo de lecer e un entretemento de calidade** para o alumnado. Por este motivo, vimos desenvolvendo, desde hai anos, actividades de animación á lectura e contacontos con nenos e nenas en bibliotecas públicas e outros espazos públicos e privados, co fin de facerlles ver que **a lectura non é unha simple fonte de información, senón un vehículo para a aprendizaxe, a expresión e o goce**, que enriquece as nosas vidas de diversas formas. Unha bagaxe que condensamos nunha serie de talleres de animación á lectura.

Con todo isto na mente, por medio da nosa Escola externa, desde a Escola ON queremos **contribuír in situ -isto é, nos propios centros educativos- e con ferramentas pedagóxicas innovadoras, á formación persoal, educativa, artística e cultural do alumnado infantil e xuvenil**, utilizando para iso os elementos multidisciplinares que se dan na creación escénica e a animación lectora.

**Traballando directamente nos centros educativos, a nosa proposta de Escola Externa busca construír unha ponte entre a educación e a arte, enriquecendo a experiencia educativa dos nenos, rapaces e rapazas e brindándolles ferramentas valiosas para o seu desenvolvemento persoal e social.**

# Que actividades propoñemos aos centros educativos?

Propoñemos a realización de **actividades extraescolares de teatro e de animación á lectura nos propios centros educativos**, con enfoques **coidadosamente adaptados a cada grupo educativo e franxa de idade**: infantil, primaria e secundaria.

As nosas actividades extraescolares de teatro están deseñadas, por tanto, para brindar aos estudantes de todas as idades a oportunidade de **explorar, aprender e crecer** a través da arte e a expresión teatral. Realizaremos actividades e dinámicas participativas que lles resultan **divertidas e amenas**, axudándolles a ser máis tolerantes e empáticos e a aprender a observar, escoitar e respectar aos demais, sexan como sexan.

Todas estas actividades extraescolares teñen como obxectivo principal proporcionarlles non só unha **experiencia artística enriquecedora** que abrangue diversas linguaxes expresivas, senón tamén unha experiencia **dinámica e colectiva**, que pretendemos que sexa determinante no desenvolvemento do alumno/a, promovendo a súa capacidade de integración nun grupo de traballo e estimulando os seus recursos persoais para a comunicación e a creación artística.

**En definitiva, nas nosas actividades utilizamos un enfoque educativo integral que, en lugar de centrarse unicamente na transmisión de coñecementos, considera o seu desenvolvemento completo como individuos, buscando nutrir as súas habilidades comunicativas, a súa autoconfianza e a súa comprensión dos demais, de si mesmos e do mundo que lles rodea.**

## Como se desenvolverán as actividades?

As actividades foron concibidas en 3 bloques pedagóxicos con enfoques **coidadosamente adaptados a cada grupo educativo e cada franxa de idade**: infantil, primaria e secundaria.

Realizaranse sesións de **1 hora e media semanal** con **grupos de mínimo 12 e máximo 15 alumnos/as**, en días laborables e segundo a programación escolar e preferencias dos docentes e do centro.

### **Descrición xeral das actividades:**

As sesións estarán **enfocadas principalmente na práctica**, centradas na sistematización de **talleres de expresión e creación dramática** axeitados a cada grupo de idade, así como de **obradoiros de animación á lectura**.

A **estrutura xeral común** de todas estas actividades desagrégase en catro alicerces:

- **Encontro co xogo:** Personalizaremos o xogo segundo as idades e os obxectivos de cada grupo, abordando de maneira integral elementos chave como o manexo do espazo, a expresión corporal, a música, os efectos sonoros, a modulación vocal, a improvisación e o proceso creativo. Isto garantirá que cada actividade sexa lúdica e estea perfectamente aliñada coas necesidades e capacidades dos alumnos/as, permitíndolles explorar e experimentar cunha ampla gama de ferramentas teatrais e creativas que poderán extrapolar a outro tipo de interaccións sociais.
- **Encadre grupal:** Todas as actividades serán coidadosamente deseñadas para centrarse no desenvolvemento das habilidades esenciais para impulsar a dinámica do grupo, abordando de maneira integral os roles do facilitador, da autoridade, as responsabilidades individuais e a cohesión grupal en cada unha das sesións. Cada exercicio estará estratexicamente deseñado para fomentar a comprensión dos distintos roles e responsabilidades, permitindo aos participantes explorar e practicar unha variedade de enfoques que lles permitirán liderar, colaborar e manter unha dinámica grupal efectiva no contexto teatral grupal.
- **Creación teatral:** Ao longo das sesións, o alumnado irá involucrándose activamente nun proceso de creación teatral colectiva, que poderá contemplar tanto as súas propias creacións orixinais, como a adaptación e posta en escena dun texto teatral alleo. Estas creacións presentaranse nunha **mostra final** na que exhibirán o seu traballo creativo, evidenciando o seu desenvolvemento artístico e colaborativo nun contexto teatral.
- **Outras prácticas e dinámicas:** Ademais do anterior, dependendo de cada actividade, levaranse a cabo unha variedade de exercicios prácticos complementarios, destinados a fomentar a confianza, a colaboración e o desenvolvemento de habilidades creativas grupais e individuais. No caso concreto dos **talleres de animación á lectura**, realizaranse diversos exercicios prácticos e dinámicas específicas, enfocadas á reflexión, discusión e creación colectivas: selección de títulos de interese para o alumnado, presentacións e xogos de benvida, lecturas en grupo, faladoiros sobre diversidade, actividades de escritura colectiva, creación de álbums ilustrados e, como remate, a exposición das creacións individuais e colectivas xeradas nos distintos talleres.

## **Proposta concreta de actividades para cada nivel educativo:**

A nosa oferta educativa inclúe **4 tipos de actividades:** Escola externa de teatro infantil e xuvenil para o alumnado de educación infantil, de Primaria e de Secundaria, por unha banda; e obradoiros de animación á lectura (unicamente para educación Primaria), por outra:

**Escola de teatro para a infancia**  
**Educación infantil**



# Escola de teatro para a infancia.

## Educación infantil (3 a 5 anos)

### **Actividade proposta:** Aprender teatro xogando a facer teatro

**Descrición:** Por medio desta actividade, fomentárase a exploración teatral temperá a través de dúas dos cimentos fundamentais da aprendizaxe infantil: **o xogo e a imaxinación**. Participando en actividades lúdicas e creativas e sempre guiados polos talleristas, os nenos e nenas participantes experimentarán, de maneira natural, con movementos, sons e emocións.

En definitiva, **aprenderán a facer teatro xogando a facer teatro**, mentres exploran mundos imaxinarios e constrúen habilidades sociais.

### **Que farán na nosa aula/taller?**

- Desenvolverán a súa **expresividade e capacidade comunicativa** de maneira natural, aprendendo a comunicarse a través do teatro, a expresar os seus pensamentos e emocións e a comprender mellor o mundo que lles rodea.
- Experimentarán coas súas habilidades motoras e adquirirán maior **conciencia e dominio do propio corpo**, explorando o espazo a través de xogos de coordinación, saltos, bailes, actividades físicas e movementos corporais.
- Explorarán as **posibilidades sonoras e rítmicas** do seu corpo, dos obxectos e do espazo, enriquecendo así o seu desenvolvemento sensorial, cognitivo, motor, emocional e creativo.
- E, guiados polo seu profesor/a, imaxinarán distintos espazos, situacións e personaxes que lles axudarán a sentar as bases da súa personalidade individual e das súas habilidades sociais.

**Beneficios para o alumnado:** Aprenderán a expresar de forma máis efectiva os seus sentimentos e pensamentos (de forma verbal e non verbal), desenvolverán habilidades motoras e de coordinación, aprenderán a cooperar e resolver conflitos e fortalecerán a súa autoconfianza, ao ter a oportunidade de participar en interaccións en grupo e compartir e de pór en común as súas primeiras creacións.

**Escola de teatro para a infancia**

**Educación primaria**





# Escola de teatro para a infancia.

## Educación primaria (6 a 11 anos)

**Actividade proposta:** Medramos xuntos, creamos xuntos

**Descrición:** Nesta actividade, os estudantes serán introducidos no mundo do teatro mediante **xogos dramáticos e exercicios de creación colectiva**. Explorarán diferentes formas de expresión -desde a linguaxe corporal até a vocal- e aprenderán a traballar en equipo para crear pequenas representacións teatrais.

Utilizando as artes escénicas como ferramenta pedagóxica, aprenderemos aos alumnos a **aprender a aprender**, isto é, a identificar os seus coñecementos e intereses comúns sobre unha materia, a fixarse metas -realistas, comúns e non individualistas- e a recoñecer posibles estratexias para facerlle fronte, de forma colectiva, a unha tarefa creativa.

**Que farán na nosa aula/taller?**

- **Organizar e planificar de xeito grupal** os seus propios procesos creativos, partindo da posta en común dunha idea, desenvolvéndoa colectivamente xunto ao resto de compañeiros/as e materializándoa nun produto final compartido.
- Adquirir as **capacidades expresivas e creativas** que ofrece o teatro, como ferramenta chave para mellorar a interacción e a comunicación en diversos contextos sociais, como o académico, familiar, laboral e afectivo.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación a través da **expresión oral e da escrita**, incluíndo o respecto pola quenda de palabra e a colaboración e o traballo en equipo.
- Promover a **crítica construtiva** entre compañeiros e aplicar valores como o respecto, a corresponsabilidade e a orde no desenvolvemento dun proxecto.

**Beneficios para o alumnado:** Os e as estudantes serán quen de desenvolver habilidades de comunicación efectiva, creatividade e traballo en equipo. Aprenderán a expresar as súas ideas con confianza, mellorarán as súas habilidades de escoita e de resolución de conflitos e obterán unha comprensión máis profunda da expresión artística, podendo aplicar eses novos coñecementos e capacidades noutros contextos escolares e alleos á escola.

**Escola de teatro para a mocidade**  
**Educación secundaria**



# Escola de teatro para a mocidade

## Educación secundaria (12 a 17 anos)

### **Actividade proposta: O teatro como ferramenta de autoexpresión e exploración creativa**

**Descrición:** Nesta actividade, os mozos mergullaranse en técnicas teatrais máis avanzadas, explorando aspectos como a improvisación, a construción de personaxes e a posta en escena. Utilizarán o teatro como medio para **explorar as súas propias emocións, ideas e perspectivas**, partindo das súas propias vivencias, pero **sen perder nunca de vista a empatía**, o respecto á diversidade, á igualdade efectiva entre homes e mulleres e a corresponsabilidade na construción dunha sociedade máis xusta e equitativa.

En definitiva, esta actividade teatral coa mocidade busca desenvolver unha comprensión máis profunda do **teatro como ferramenta pedagóxica, creativa e artística, útil para todos e para todo**, fundamentalmente a través do xogo teatral e da creación dramática.

### **Que farán na nosa aula/taller?**

- A través da **composición de personaxes**, os participantes non só adquirirán habilidades interpretativas, senón que se mergullarán tamén na análise psicolóxica e emocional, explorando a complexidade humana desde unha perspectiva artística.
- Aprenderán a **crear espazos escénicos narrativos** en diversas situacións e a trasladar conceptos e emocións á contorna escénica, promovendo así un entendemento máis profundo da conexión entre o espazo, a narrativa e a realidade social.
- Fomentarán a súa apreciación cara á **natureza interdisciplinaria da aprendizaxe** e do teatro, aprendendo a identificar e explorar aspectos como a iluminación, a cor, os espazos sonoros, a música, os ritmos e outros elementos visuais e textuais capaces de enriquecer a narrativa teatral.
- Aprenderán a contar historias sobre temas específicos, explorando **temáticas e desafíos contemporáneos** de maneira auténtica e cun **enfoque crítico**.

**Beneficios para o alumnado:** Esta actividade proporcionará beneficios significativos para o fomento da autoexpresión e a creatividade dos participantes, promovendo unha comprensión máis profunda da complexidade humana e da conexión entre a arte e as realidades sociais. Ademais, os participantes desenvolverán unha maior conciencia das súas propias emocións e das dos demais, sendo capaces de abordar temáticas contemporáneas de maneira auténtica e crítica, promovendo a corresponsabilidade na construción dunha sociedade máis xusta e equitativa.

# Obradoiros de animación á lectura

Educación primaria



# Obradoiros de animación á lectura

## Educación primaria (6 a 11 anos)

### Actividades propostas: Obradoiros de animación á lectura

**Descrición:** Os nosos obradoiros de animación á lectura son froito de moitos anos de traballo coa infancia e a mocidade en institucións públicas e privadas, condensando décadas de experiencia no desenvolvemento de proxectos de dinamización lectora para dúcias de institucións (centros educativos, bibliotecas escolares, bibliotecas públicas, concellos, feiras do libro e no marco de programas autonómicos desenvolvidos coa Comunidade de Madrid e a Xunta de Galicia, como “*Ler conta moito*”, “*Leer en familia*”, “*Leer nos diferencia*”, etc.)

Sobre esta base, a partir dunha **coidada selección de libros infantís e álbums ilustrados**, desenvolvemos diversos talleres de animación á lectura para levar a cabo na contorna educativa -sexa na biblioteca escolar ou na aula de biblioteca- adaptados, ademais, ás **datas sinaladas do calendario escolar** ligadas ás principais efemérides e conmemoracións que se celebran durante o curso (Día das letras galegas, Día das bibliotecas, Día da Paz, etc.)

### Exemplos de actividades que se desenvolverán no marco dos obradoiros:

- Exercitarán dinámicas de grupo de presentación e benvinda para aumentar a seguridade en si mesmos e fomentar a conexión entre os participantes, creando un ambiente acoledor que promova a **participación activa** de todos e todas na actividade.
- Traballarán con distintos **títulos que destacan a importancia da visibilidade e da aceptación das diversidades sociais** dentro e fóra da aula (*Oliver Button é unha nena*, *Malena Balea*, *Eu vou comigo*, etc.)
- Co fin de promover a súa apreciación pola lectura e as bibliotecas escolares, **imaxinarán xuntos a súa biblioteca ideal**, compartindo os seus libros preferidos e coñecendo unha selección de obras que teñen ás bibliotecas como protagonistas (*Un León na biblioteca*, *Pippilotea*, *Todo sobre min*, *A biblioteca de noite*, etc.)
- Tomando como inspiración os seus libros de referencia e os títulos suxeridos no taller, crearán as súas propias historias e as plasmarán nun **álbum ilustrado colectivo** (Libro da diversidade) que será **exhibido** na biblioteca ou aula de biblioteca do centro.
- Realizarán **xogos literarios** destinados a estimular as súas habilidades de **comunicación e comprensión** mentres se divirten.

**Beneficios para o alumnado:** Reforzarán as súas **dinámicas socioafectivas**, aprendendo a recoñecer, comprender e xestionar as súas propias emocións e as dos demais, así como a interactuar de maneira efectiva e empática en diversas situacións sociais. Reforzarán ademais a súa **apreciación pola lectura e as bibliotecas** (nomeadamente pola biblioteca do seu centro) **como fontes de lecer e acceso a coñecementos** e mundos infinitos que axudan a enriquecer o seu desenvolvemento intelectual e emocional.

# Os nosos profesores

Os nosos docentes son profesionais cunha **amplísima experiencia formativa** na Coruña e en centros de referencia estatal, como as Escolas *Cuarta Pared* ou *Réplika* de Madrid.

Somos **profesionais en activo** das artes escénicas e, por tanto, **coñecemos os sectores educativo e escénico desde dentro e no día a día**, non só desde unha perspectiva meramente formativa, senón de maneira global e práctica.

Isto permite que teñamos unha **visión integral e completa** de todas as fases e procesos da docencia e da creación escénica, desde a concepción da idea até a súa execución na aula ou sobre o escenario.



## Gustavo del Río

**Docente, actor, director de escena e dramaturgo.** Diplomado en interpretación, dirección, dramaturxia e Psicoloxía Social pola Escola *Cuarta Pared* de Madrid, onde comezou a desenvolver a súa carreira como profesor e creador **desde o ano 2000**. Ese mesmo ano funda en Madrid a súa primeira compañía teatral para a infancia e mocidade (*Sueños de humo*). Desde entón, non deixou de traballar en proxectos artellados arredor do teatro infantil, da pedagogía e do social.

Foi xerente de *MadFeria* (Feira de artes escénicas de Madrid) e actualmente é membro da Xunta Directiva de *Escena Galega* e do equipo de coordinación de *Galicia Escena PRO*.

Ademais, é Director da **Escola ON** de artes escénicas da Coruña, na que imparte distintos talleres e cursos; director da compañía **Os Náufragos teatro** (**Premio María Casares 2022** a mellor espectáculo infantil por **HUGO** e impulsora de proxectos escénicos como **VINTE**, proxecto de recuperación da memoria do paso de Picasso pola cidade da Coruña); por último, é codirector artístico do **Corufest** (Festival de artes escénicas pola diversidade afectivo-sexual).

As súas obras infantís e xuvenís viraron por todo o territorio nacional e tamén fóra de España, e algunhas delas mesmo foron premiadas internacionalmente. A pesar de abordar temáticas sensibles e cun forte compromiso social, os seus talleres e espectáculos son sempre capaces de concienciar a todo tipo de públicos, de forma amable, sobre a crueza de moitos dos procesos de discriminación e desigualdade que se dan actualmente nas nosas sociedades, tratando de crear cidadáns máis críticos, empáticos e educados en valores cívicos e éticos. Un obxectivo que aplica tamén nas súas clases de teatro.



## Rebeca Vecino

**Actriz, directora teatral e docente desde o ano 2000.** Diplomada en Arte Dramático pola *Academia del Actor Réplika* de Madrid, realizando numerosos cursos de interpretación de teatro clásico e contemporáneo, teatro en verso, método Chejov, canto e danza (clásica, contemporánea e históricas), entre outros.

É **profesora de teatro na diplomatura de Arte Dramática** da *Academia del Actor Réplika* de Madrid, impartindo a materia de interpretación “Escenificación Poética”, así como cursos regulares e de verán para alumnos de **infantil e xuvenil**.

Anteriormente foi **docente de teatro infantil** en diversos centros da Comunidade de Madrid (colexios pertencentes á Xunta de Vicálvaro e da zona de Serrano, Escola Municipal de Teatro de Parla ou Colexio Maior Vallehermoso en Madrid, entre outros).

É **actriz profesional** desde o ano 2001, participando desde entón a nivel profesional en case **medio cento de producións escénicas e audiovisuais** (teatro, curtametraxes e publicidade).



## Sete Eiroa

**Actor, docente teatral e axudante de dirección e produción.** Conta con **formación escénica** en diversas escolas de Madrid e A Coruña e a súa traxectoria actoral está intimamente ligada ao **teatro e ao audiovisual**, participando activamente en proxectos escénicos destinados ao público infantil e familiar de importante impacto, como **HUGO** (Premio María Casares 2022 a mellor espectáculo infantil) ou **VINTE** (proxecto de recuperación da memoria do paso de Picasso pola cidade da Coruña).

Actualmente é **docente na Escola ON** de artes escénicas e conta ademais con experiencia como asistente de dirección e produción para a propia escola e para a compañía teatral **Os Náufragos teatro**, ás que está actualmente vencellado.

# Condicións técnicas e de desenvolvemento das actividades

**Conformación dos grupos:** As actividades foron concibidas en **3 bloques pedagóxicos** con enfoques coidadosamente adaptados a cada grupo educativo e franxa de idade: **infantil, primaria e secundaria**.

Para o óptimo desenvolvemento das sesións, suxírese que o **número de integrantes** por grupo sexa de **mínimo 12 e máximo 15 alumnos/as**.

**Duración das sesións:** Levaranse a cabo **sesións de 1 hora e media semanal** cos diversos grupos que se conformen en cada centro.

As sesións serán **repartidas durante o calendario escolar**, respectando os días non laborables.

A asignación de grupos e horarios concretos organizarase de común acordo co centro, incorporando as suxestións e preferencias dos docentes e nais e pais do alumnado.

**Contratación:** Os docentes a cargo das actividades serán **contratados directamente por Os Náufragos Teatro**. Facilitarase un certificado de non ter cometido delitos sexuais aos centros que así o requiran.

**Avaliación:** Ao concluír a actividade, presentarase un **informe detallado** da actividade para o Centro Educativo.

Ademais, se é posible, realizarase un **cuestionario de satisfacción** ao alumnado e profesorado, co fin de recoller as súas impresións, propostas e suxestións de mellora, de cara a valorar a súa incorporación en futuras actividades, sempre co consenso do centro.

## Condicións económicas




O **prezo** de cada unha das actividades ofertadas é de **450 €/mensuais por grupo e actividade** (negociables, no caso de conformarse varios grupos por centro ou de contratarse varias actividades).

O prezo pechado co centro incluírá tódolos aspectos precisos para o óptimo desenvolvemento das actividades (preparación das sesións, materiais, nóminas, seguros e desprazamentos ata o centro dos docentes ao cargo da actividade contratada). Non se inclúen as instalacións para o desenvolvemento das actividades, que serán facilitadas polo propio centro.

**Contacto:** [escuelanaufragos@gmail.com](mailto:escuelanaufragos@gmail.com)

639 463 730 - 609 630 168





ESCUELA DE ARTES ESCÉNICAS  
ESCOLA DE ARTES ESCÉNICAS

